Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Silleda* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 1.248.132,72 €, con destino ao financiamento “*Afirmado de camiños municipais*”, cun orzamento por importe de 1.248.132,72 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	668.228,90	668.228,90	0,00	0,00
2023	579.903,82	579.903,82	0,00	0,00
TOTAL	1.248.132,72	1.248.132,72	0,00	0,00

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana, da Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) e declaración responsable de Augas de Galicia. O Concello achega documento acreditativo das solicitudes de autorizacións ante os organismos correspondentes.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 23/03/2022.



**Fundamentación xurídica:****Normativa examinada:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

**Consideracións xurídicas:****Instrución do expediente:**

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

**Petición e evacuación de informes:**

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán





distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 23/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/03/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial de data 28/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda* CIF P3605200I a cantidade de 1.248.132,72 €, con destino ao financiamento do investimento “*Afirmado de camiños municipais*” (Expte.2022011490) cun orzamento polo importe de 1.248.132,72 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	668.228,90	668.228,90	0,00	0,00
2023	579.903,82	579.903,82	0,00	0,00
TOTAL	1.248.132,72	1.248.132,72	0,00	0,00

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana, da Axencia Galega de Infraestruturas, do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), sendo imprescindible que as remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite da xustificación da axuda económica.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte á anualidade do 2022. Polo que respecta á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Silleda deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Silleda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.31541.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA” (Expte. 2021047571)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

Que en data 04/11/2021, a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pontevedra* asinaron un convenio cuxo obxecto era o de establecer as bases da colaboración técnica e económica, para mellorar a seguridade e a accesibilidade dos parques infantís do CEIP A Xunqueira I e CEIP Marcón e adaptalos ás necesidades das nenas e nenos en idade escolar destes espazos nos centros educativos de titularidade municipal.



Que o 26/01/2022 o Concello de Pontevedra presenta unha solicitude de convocatoria da “Comisión de Seguimento ” do Convenio co obxecto de clarificar o prazo de execución das actuacións contempladas no mesmo.

Que en data 18/02/2022 reúnese a “Comisión de Seguimento e Control”, prevista no pacto noveno do convenio, que ante a imposibilidade material de realizar no prazo previsto inicialmente as obras convenidas, acorda propoñer a adecuación do prazo de execución das actuacións e contratos tendo así lugar durante o ano 2021 e o ano 2022, modificándose, polo tanto, a redacción do pacto terceiro para axustalo á realidade de execución das obras recollidas no Convenio.

Que recibida a documentación necesaria para a formalización da addenda por parte do Concello de Pontevedra, a proposta infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación e pola Intervención Xeral provincial o 07/03/2022, logo de dar conta dos antecedentes e normativa de aplicación, a fiscalización e conformidade do expediente.

Fundamentos xurídicos:

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.n) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.ñ) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia da addenda

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.



- Artigo 4.1.c) do TRLCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2021, dotación orzamentaria na aplicación 942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

#### Conclusións:

Visto que se cumpre co establecido na LRXSP acerca dos mecanismos de seguimentos, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, de xeito que o reaxuste da anualidade da execución das actuacións e contratos a que se refire o convenio, suxéitase ós límites recollidos no seu artigo 49.

E visto que as circunstancias o aconsellan e que con elo non se prexudican dereitos de terceiros, informo favorablemente a sinatura dunha addenda ó convenio de colaboración entre o *Concello de Pontevedra* e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a “*Mellora e acondicionamento dos parques infantís do CEIP A Xunqueira i e CEIP Marcón na cidade de Pontevedra*”, co fin de adecuar o prazo de execución das actuacións e contratos do mesmo.

#### Réxime competencial:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.



Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda por unanimidade:

- Aprobar a “1ª Addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para a mellora e acondicionamento dos parques infantís do CEIP Xunqueira I e CEIP Marcón, na cidade de Pontevedra” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

*“1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA*

*En Pontevedra , na data da sinatura electrónica*

#### INTERVENEN

*Dunha parte, Dª María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*E actuando D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ó convenio de colaboración e, con tal fin,*

#### EXPOÑEN

*I.- Que en data 04 de novembro de 2021, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración, cuxo obxecto era o de establecer as condicións de colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra para desenvolver a realización de obras de mellora e acondicionamento dos parques infantís dos centros públicos CEIP A Xunqueira I e CEIP Marcón, na cidade de Pontevedra, regulando as obrigas e compromisos de cada unha das partes asinantes na realización das seguintes actuacións:*

- “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA”.



II.- *Que o pacto terceiro do referido convenio establecía que a execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2021, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.*

*Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.*

III.- *Que en data 18 de febreiro de 2022, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da “Comisión de Seguimento”, acordando por unanimidade a seguinte proposta para adaptar a redacción do pacto terceiro á realidade de execución das obras recollidas no Convenio:*

*Modificación da redacción do pacto TERCEIRO no seu parágrafo 1 no atinente ao prazo de execución por dar cabida a dúbidas interpretativas do Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA” quedando redactado como segue: “A execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2021 e o ano 2022, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo”, non alterando o resto do parágrafo e do pacto na súa redacción orixinal.*

IV.- *Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda ó convenio de colaboración co obxecto de plasmar que a execución das actuacións e contratos estenderanse durante o ano 2022, cos seguintes pactos*

#### PACTOS

PRIMEIRO.- *As partes, co obxecto de reaxustar a anualidade de execución das actuacións e contratos do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA”, acordan modificar a redacción do pacto TERCEIRO no seu parágrafo 1, no atinente ao prazo de execución quedando redactado como segue:*

*“1. A execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2021 e o ano 2022, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.*

*Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.*



2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.”

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 04 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes aos seus pactos.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

A Presidenta da Deputación Provincial de  
Pontevedra  
Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

O Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra  
Asdo: Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra  
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

O Secretario do Concello de Pontevedra  
Asdo.: José Carlos Castiñeira Piñeiro ”

- Facultar á presidenta para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

16.31542.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA CONECTADAS 2022”. (Expte.2021062235)

A Deputación de Pontevedra considera necesario favorecer o asociacionismo entre as mulleres xa que precisamente son as asociacións e federacións entre mulleres e as fundacións que teñen por obxecto a promoción das mesmas, as que coas súas actividades poidan incidir de forma directa na participación e promoción das mulleres na sociedade pontevedresa. Co obxecto de facilitar as ferramentas necesarias para mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e conseguir favorecer as relacións interpersoais e intercambio de experiencias, mellorar a súa empregabilidade e mantemento no mercado de traballo.





A Xefa do servizo de Igualdade en data 13/12/2021 informa que debido a falta de recursos e de persoal especializado necesario para a impartición de todas as materias así como a especificación dos traballos a realizar, necesita acudir a unha contratación externa polo que propón a contratación dunha asistencia técnica encargada da organización e xestión do programa CONECTADAS 2022.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación e o catálogo de accións formativas a desenvolver, recollidas en cinco bloques: 1. Emprande: iniciativas sostibles para o emprego, 2. ExpresARTE, 3.- Conéctate, 4.- Sementa sustentabilidade, 5.- O teu momento. Coidado e Benestar.

Resultando que pola Intervención se emite documento de retención de crédito co número 202200007671 por importe de 323.973,88 € para o ano 2022, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/250.2315.227.07, do vixente orzamento provincial.

Na memoria xustificativa csv Z0DNTFA45DPYZP2Y, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo especial (Anexo IV) do artigo 312 da LCSP “contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía”. O réxime xurídico ao que fai referencia o artigo 312 da LCSP determínase nas bases reguladoras do programa CONECTADAS 2022 que foron aprobadas pola Xunta de goberno, en sesión 24/01/2022, e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, previsto como ordinario no artigo 131.2 LCSP.

Visto o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral con data 01/02/2022 e os informes complementarios do servizo de Igualdade e contratación, seguidamente trasládase o expediente de contratación a Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Resultando que con data 23/03/2022 pola Intervención se informa favorablemente o expediente.

Considerando o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), segundo o que se cualifican como contratos de servizo aqueles que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando o artigo 312 da LCSP, no que recolle as especialidades dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da asistencia técnica para a contratación dunha empresa especializada na execución do programa CONECTADAS 2022, de acordo co seguinte detalle:

Prezo por curso (IVE incluído): 1.472,61€

Prezo para todo o programa de CONECTADAS 2022 (220 cursos) (IVE incluído), é de: 323.973,88€.

O prazo de execución do contrato é de 9 meses a contar desde a sinatura do contrato.

A Deputación non se compromete a contratar un número mínimo de accións formativas xa que este número dependerá do número de solicitudes presentadas, sempre e cando non se supere o orzamento máximo previsto para o programa.

2.- Autorizar o gasto por importe de 323.973,88€, de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	250.2315.227.07	323.973,88€

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csv:1YN4Y888RTKBT49L e de prescricións técnicas csv: 8XF4GO2EOO5V4A55 e o catálogo de cursos csv:2PT9NJ3R17862UX0, que rexerán en dito procedemento aberto.

4.-Designar como responsable do contrato a Xefa do servizo de Igualdade ou a persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

17.31543.- APROBACIÓN DO PROXECTO PARA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO”. (Expte. 2021065111)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP 9302 Xil – Cobas - Barrantes que descorre polo Concello de Meaño e que ten unha lonxitude de 5.757 metros.



Resultando.- Que nos treitos comprendidos entre o PQ 0+780 e PQ 0+970 e o PQ 2+400 e PQ 2+550 da EP 9302 Xil – Cobas – Barrantes, a estrada provincial presenta un ancho variable, con seccións que nalgúns puntos non superan os 5,00 m de ancho, condicionada pola presenza de edificacións e peches consolidados en ámbalas marxes que provocan que o trazado quede encaixado. A maiores, a calzada atópase pavimentada integramente con aglomerado asfáltico, sen dispoñer de beirarrúas, beiravías nin ningún tipo de espazo reservado para os peóns, destinando a totalidade do espazo público ao desfrute dos vehículos motorizados, sen existir unha convivencia amable, agradable e segura entre todos os usuarios do mesmo, nunha zona moi frecuentada diariamente por peóns.

Resultando.- Que debido á falta de seguridade viaria nos treitos comprendidos entre o PQ 0+780 e PQ 0+970 e o PQ 2+400 e PQ 2+550 da EP 9302 Xil – Cobas – Barrantes, con data 16/11/2021 asinouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”, con un importe de 375.468,32 € IVE incluído.

Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Meaño mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	262.827,82 €	70
Concello de Meaño	112.640,50 €	30
Total investimento	375.468,32 €	100

Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”, cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 202200003356 por importe de 375.468,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021. do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e por Augas de Galicia e informe favorable de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que con data 01/03/2022 emitíu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo unha serie de observacións en relación coas autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 19/06/2020 e por Augas de Galicia de data 13/07/2020.

Resultando.- Que con data 21/03/2022 emitíu informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo o seguinte: “... a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural decide outorgar á Deputación de Pontevedra a correspondente autorización condicionada ó cumprimento en obra das especificacións recollidas na mesma, sen solicitar modificación do proxecto ó ser realmente pequenas decisións técnicas a tomar pola Dirección Facultativa durante a correcta execución das obras. 2) En relación coa autorización de Augas de Galicia de data 13/07/2020, indicar que na actualidade xa está solicitada a prórroga para a execución das obras en cuestión, cumprindo co especificado por Augas de Galicia na súa autorización onde se indica que “O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.”

Resultando.- Que consta no expediente concesión de prórroga emitida pola dirección xeral de Augas de Galicia, ampliando o prazo para a realización dos traballos ata o 31/03/2024.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adjudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.*, cun orzamento base de licitación de 375.468,32 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG.

18.31544.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2022”. (Expte. 2021050862)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11/02/2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “*Depo en marcha 2022*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14/02/2022. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 03/03/2022, procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- FOROX INNOVACION SLU (CIF B-36.136.473-T).
- CAMPA FORMACION E INTERVENCION SOCIOEDUCATIVA SL (CIF B-15.666.944).
- XESTIÓN CULTURAL AUREA SL.(CIF B-36.394.203)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas para a contratación do devandito servizo sendo os valores ofertados os indicados no Certificado da mesa de contratación con (CSV) WJUGB16JKZ97TDRV.



Unha vez efectuadas as valoracións de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas as puntuacións obtidas son as seguintes:

EMPRESAS	Puntuación criterios automáticos (Max 100 puntos)				Puntuación Total
	Prezo (Máx 49 ptos)	Achega docente apoio (Max 20 ptos)	Oferta saída temática (Máx 11 ptos)	Papel con etiquetaxe ecolóxica (Máx 20 ptos)	
Xestión cultural Aurea SL	49,00	20,00	11,00	20,00	100,00
Forox Innovacion SLU	20,71	20,00	11,00	20,00	71,71
Campa Formación e intervención socioeducativa SL	18,54	20,00	11,00	20,00	69,54

Á vista de todo o exposto a Mesa de Contratación na reunión de data 10 de marzo de 2022 acordou:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “*Depo en marcha 2022*” que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación Total
1ª	Xestión cultural Aurea SL	100,00
2ª	Forox Innovacion SLU	71,71
3ª	Campa Formación e intervención socioeducativa SL	69,54

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto para a contratación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa *Depo en marcha 2022* a empresa *Xestión Cultural Aurea SL*.

Mediante Resolución Presidencial número 2022001855, de 15-03-2022o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa *Xestión Cultural Aurea SL* (CIF B-36.394.203), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa *Xestión Cultural Aurea SL* (CIF B-36.394.203) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Registro entrada WEB 2022016059, de data 25/03/2022, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.719,25 € (carta de pago núm. operación 202200061099, do 24/03/2022.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de Xestión, desenvolvemento e execución do programa “*Depo en marcha 2022*” á empresa *Xestión Cultural Aurea SL* (CIF B-36.394.203) polos prezos e condicións que a continuación se indican:

1.- Prezo:

Prezo por obradoiro (sen IVE).....	927,63 €
IVE (21%).....	194,80 €
Prezo por Obradoiro (IVE incluído).....	1.122,43 €

*O programa comprende a celebración dun máximo de 130 obradoiros de 30 horas de duración non obstante a Deputación non se compromete a realizar un número mínimo de obradoiros xa que o número dependerá do número de entidades solicitantes tendo en conta que para levar a cabo cada obradoiro será necesario reunir un número mínimo de 15 persoas inscritas (que cumpran os requisitos esixidos) coa antelación establecida ao inicio da formación no caso dos obradoiros onde se permita unha participación máxima de 25 persoas ou 12 persoas naqueles obradoiros en que a participación máxima é de 20 persoas.*



2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.

	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>

3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.	X	<input type="checkbox"/>

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo a aplicación orzamentaria 2022.231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

O contrato será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polos usuarios participantes:

- A persoa participante das accións formativas aboará a cantidade fixa de 7,00 € por obradoiro.
- A Deputación de Pontevedra achegará a cantidade resultante de descontar do prezo final ofertado por obradoiro o importe pagado polas persoas beneficiarias participantes no obradoiro (7,00 €/persoa).





Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

- O pagamento efectuarase cunha periodicidade mínima dun mes en función dos obradoiros terminados e xustificados durante o correspondente período.
- O importe a pagar por cada obradoiro realizado e xustificado será o importe unitario ofertado por obradoiro da empresa que resulte adxudicataria descontando de dito importe a cantidade pagada polos participantes (7€ por participante).
- As facturas serán pagadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade da persoa responsable do contrato.
- Previamente a presentación da factura o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude:
- Borrador da factura a presentar
  - Relación de actividades presentadas en cada factura (concello, actividade, inicio, fin e nº participantes)
  - Un informe ou resumo estruturado do transcurso do obradoiro e as valoracións que este mereza
  - Fotografías do obradoiro (no caso de non existir cesión dos dereitos de imaxe, e polo tanto non existir fotografías do obradoiro, isto deberá quedar recollido no documento anterior)
  - Copia do contrato da persoa docente (recollendo a cantidade económica neta e bruta que percibirá), así como o xustificante de pago e data no prazo previsto no prego de prescricións técnicas.
  - Relación de participantes, na que haxa constancia das altas e baixas se fose o caso (deberá recoller nome e apelidos, DNI e firma dos mesmos).
  - Documento escollido pola empresa para a entrega do material.
  - Documento escollido pola empresa para a cesión dos dereitos de imaxe.
  - Orixinais dos partes de asistencia.
  - Gráficos que reflectan o recollido nas avaliacións ou enquisas
  - Orixinais das enquisas de satisfacción e control de calidade de cada obradoiro (entidade, docente e participantes).
  - Informe da realización da visita inicial ás instalacións nas que se realizará o Obradoiro.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2021050862		
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

19.31545.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO POR CAUSAS NON IMPUTABLES A EMPRESA CONTRATISTA DOS LOTES 9 E 11 DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020” 2ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FSE DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES”. (Expte. 2020031675)

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de formación no marco do proxecto labora 2020 2ª convocatoria de axudas do FSE destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables. Concretamente os lotes nº9 e nº11 foron adxudicados de acordo co seguinte detalle:

-Lote 9.- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (Pontevedra.-2 edicións) adxudicado a empresa G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF B-36.993.509).

-Lote 11.- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (Vigo.- 3 edicións) adxudicado a empresa UTE Educatic Gap Pue SL-G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF U-05341698)



Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documento administrativo con data 20/04/2021 establecéndose na cláusula 4 do prego de cláusulas económico-administrativas que o prazo de execución é de 12 meses desde a data de formalización do contrato.

Con data 21/02/2022 o Xefe do Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local solicita a ampliación do prazo de execución do contrato formalizado coa empresa G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF B36993509) relativo ao lote 9 e do contrato formalizado coa UTE EducaticGap Pue SL-G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF U05341698) relativo ao lote 11 por un período de 3 meses do servizo de formación no marco do proxecto “*Labora 2020.-2ª convocatoria*” dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, cofinanciado nun 80% polo FSE.

O prazo de ampliación que propón, que será, cando menos, igual ao tempo perdido é de 3 meses (desde o 20/04/2022 ao 19/07/2022).

O citado informe pronúnciase sobre as causas do retraso, con pronunciamento expreso da súa non imputabilidade á contratista indicando o seguinte:

A segunda edición do lote nº9 e a terceira edición do lote nº11 sufriron retrasos debido as seguintes circunstancias sobrevidas, non imputables as empresas contratistas:

- A dificultade de conseguir o número de participantes mínimo esixido nos pregos para o comezo da impartición da formación.
- A situación provocada polo Covid-19 que impediu a normal prestación do servizo por tratarse de formación presencial obrigatoria segundo a normativa de aplicación.

Resultando que a empresa G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF B-36.993.509) manifesta a súa conformidade coa ampliación do prazo de execución do lote nº9.- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (Pontevedra) correspondente a 2ª edición, mediante escrito que tivo entrada no rexistro web da Deputación con numero WEB2022012842 e así mesmo que a UTE Educatic Gap Pue SL-G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF U-05341698) manifesta tamén dita conformidade coa ampliación do prazo de execución do lote nº11. Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (Vigo) correspondente a 3ª edición, mediante escrito que tivo entrada no rexistro web da Deputación con numero WEB2022012844.

Considerando que o contrato tramitouse e adjudicouse baixo a vixencia da LCSP e en cumprimento da súa DTª 1ª esta norma será a aplicable.

Considerando o establecido nos artigos 29.3 e 195.2. que establece que “...*Se o retraso foso producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle había sinalado concederase pola Administración un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”



Considerando así mesmo os artigos 96 e 100 do RD 1098/2011 (este último supletoriamente, ante a falta de precepto aplicable a esta Administración) polo que se aproba o regulamento da Lei de contratos do sector público.

Visto o informe conxunto do servizo de Contratación, e da Secretaría e da Intervención, con (CSV) ITEVMGIQ2A3YU8W , que conclúe o seguinte:

*En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 19/04/2022.*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato formalizado coa empresa *G12 Grupo Empresarial de Servizos SL* (CIF B36993509) relativo ao Lote 9.- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (Pontevedra.-2 edicións) e do contrato formalizado coa *UTE Educativ Gap Pue SL-G12 Grupo Empresarial de Servizos SL* (CIF U05341698) relativo ao lote 11.- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (Vigo.- 3 edicións) do servizo de formación no marco do proxecto “Labora 2020.-2ª convocatoria” dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, cofinanciado nun 80% polo FSE.

O prazo de ampliación é de 3 meses dende o 20/04/2022 ó 19/07/2022.

20.31546.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DE OBRA “MELLORA E DOTACIÓN DE SERVIZOS DAS RÚAS 2 E 3 NA URBANIZACIÓN SANTA EULALIA NA CONTORNA DA POUSADA (CONCELLO DE RIBADUMIA)”. (Expte.2021037023)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2021, acordou adjudicar á empresa *Oresa Construcción y Servicios Globales, S.L* (CIF:B36.494.185), o contrato de execución da obra “*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)*”, por un importe de 259.955,41 € IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.



Con data 24/01/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras, xustificando a suspensión na citada acta nos seguintes termos: “...*Non estar aprobado o Plan de Seguridade e Saúde...*”

Con data 16/02/2022 formalizouse acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 16/08/2022.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. *A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...*”

Considerando.- Que o artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións poderán convalidar os seus actos subsanando os vicios de que adoezan. Se o vicio consistise na falta de algunha autorización, poderá ser convalidado mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión do inicio da execución da obra “*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)*”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director de obra na data 24/01/2022.
2. Validar o inicio da execución da obra “*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)*” recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 16/02/2022.
3. Establecer como data para finalizar a obra o día 16/08/2022.

21.31547.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA INTERSECCIÓN ENTRE A EP 1201 MARÍN PENIZAS E A EP 1202 SEIXO SANTO TOMÉ DE PIÑEIRO, CONCELLO MARÍN”, POLO PROCEDEMENTO DE VALIDACIÓN. (Expte.2016043951)

Por Resolución Presidencial núm. 2018020570, adjudícase a obra “*Mellora da seguridade viaria na intersección entre a EP 1201 Marín – Penizas e a EP 1202 Seixo – Santo Tomé de Piñeiro (Concello de Marín)*”, á empresa Construcións, Obras e Vías SA (A36008886) por importe total IVE incluído de 93.917,40€ e cun prazo de execución de SEIS (6) MESES.



Visto o informe favorable de Intervención, de data 04/03/2022 relativo á certificación FINAL da obra: “Mellora da seguridade viaria na intersección entre a EP 1201 Marín – Penizás e a EP 1202 Seixo – Santo Tomé de Piñeiro (Concello de Marín)” por importe de 8.349,68 €, no que recolle a seguinte observación:

“A pesares de que consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa de data 14/12/2018, debido ás condicións meteorolóxicas desfavorables e ó período de nadal (acta de comprobación de trazado positiva do 04/02/2019), dúas actas de paralización (10/05/2019 e 11/06/2020) e as correspondentes actas de reinicio (04/05/2020 e 20/10/2021) non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, estando paradas as obras 360 e 489 días respectivamente.

A obra recepcionouse o 11 de febreiro de 2022 e as obras finalizaron o 30/11/2021, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.

Polo exposto, a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación do crédito pola Xunta de Goberno”.

Considerando o disposto no artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Ilma Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2022, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a certificación final autorizar o compromiso de gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS S.A. (A-36.008.886)	22/456.4530.612.02	8.349,68€
SUBTOTAL		8.349,68€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	231,95€
Total descontos	Id.	231,95€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		8.117,73€



22.31548.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL AIRA S. COOP. GALEGA, PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 1 DO PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DA MANUTENCIÓN PARA A ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ” (Expte. 2019042947). (Devogaran 2022003505)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 22 de novembro de 2019 (CSV.- WSOBS2DS1ADJY56O), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé*” (Expte. 2019042947).

Para responder da realización do “*lote 1*” deste subministro, a empresa *Aira, S.Coop. Galega* (CIF:F-27317593), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 5.569,15€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900206980 de data 14/11/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Aira, S.Coop. Galega*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé (Lote 1)*” (Expte.2019042947), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 5.569,15 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/11/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900206980.



23.31549.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, COFOCYL, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 2 DO PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DA MANUTENCIÓN PARA A ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ” (Expte.2019042947). (Devogaran 2022003505)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 22 de novembro de 2019 (CSV.- WSOBS2DS1ADJY56O), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé*” (Expte. 2019042947).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Cofocyl, S.L.* (CIF.- B-47432794), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 650,00 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900197646 de data 31/10/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Cofocyl, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé (Lote 2)*” (Expte. 2019042947), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 650,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 31/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900197646.





24.31550.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA AUREN CONSULTORES SP, S.L.P., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA ESPAÑOLA EN DESTINOS (SICTED) NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” (Expte. 2018046516) (Devogaran 2022016823)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2019 (CSV.- SXD3318BMGYG3353), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística en destinos (SICTED)*” (Expte. 2018046516).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Auren Consultores Sp, S.L.P.* (CIF.- B-87352340), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.925,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900048204 de data 12/03/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Auren Consultores Sp, S.L.P.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística en destinos (SICTED)*” (Expte.2018046516), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCAMARCH*, por importe de 4.925,00€, para responder do contrato indicado no punto anterior, que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/03/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900048204.



25.31551.- APROBACIÓN DAS PRÓRROGAS DAS SUBVENCIONS DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS DAS EMPRESAS E CORPORACIONES SECTORIAIS SELECCIONADAS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” EN EMPRESAS E CORPORACIONES SECTORIAIS 2021 (Expte. 2020058280)

Na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de outubro de 2021 (acordo nº21.30846) aprobouse a concesión e desestimación de solicitudes do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” en empresas e corporacións sectoriais 2021.

No prazo de 10 días indicado nas bases para comunicar a aceptación da subvención das entidades colaboradoras, recibíronse un total de 14 renuncias de empresas e corporacións sectoriais e 6 renuncias de persoas beneficiarias.

En consecuencia, na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 26 de novembro de 2021 (acordo 20.31023) aprobouse a concesión a empresas e corporacións sectoriais da condición de entidades colaboradoras e de persoas beneficiarias por renuncias presentadas ademais de proceder á liberación do gasto daquelas que quedaron desertas por non dispoñer de persoas seleccionadas para cubrir ditos postos.

Do total das empresas seleccionadas unicamente 16 entidades colaboradoras comunicaron a formalización dos contratos coas persoas seleccionadas entre os meses de outubro, novembro e decembro, cumprindo todas elas coa data máxima de inicio da contratación segundo o establecido na base 2.5 das bases do programa.

As bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” nas empresas e corporacións sectoriais 2021 establece no punto 16.5 d que “*A prórroga da subvención por seis meses máis mencionada na base primeira, no se caso, deberá solicitarse antes da xustificación, durante o quinto mes do período subvencionable.*”

De acordo ao anterior e dentro do prazo mencionado, entre o 15 de marzo de 2022 e o 14 de abril, 6 entidades colaboradoras solicitaron a prórroga da subvención por seis meses máis, e unha vez verificadas as solicitudes procede a aprobación das mesmas.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego de data 18 de marzo 2022.

Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego. de data 25 de marzo de 2022.



Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases de empresas e corporacións sectoriais e nas bases de selección das persoas beneficiarias do plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado “O Teu Primeiro Emprego” en empresas e corporacións sectoriais 2021, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar as prórrogas das subvencións por seis meses máis das entidades e polas cantidades indicadas no Anexo I.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.02.2021 polo importe total de 35.400,00€ e comprometer o gasto para cada unha das entidades que figuran como entidades colaboradoras e na contía que se relaciona no Anexo I.

3º.- Notificar e/ou publicar o correspondente acordo ás partes interesadas, no seu caso, segundo corresponda.

O anexo é como segue:

#### ANEXO I

PRORROGAS DAS SUBVENICIÓN DAS EMPRESAS E CORPORACIÓN SECTORIAIS SELECCIONADA COMO ENTIDADES COLABORADORAS.					
Razón social entidade	Concello	nºcontratos	Nome titulación solicitada	Duración	Contía subvención
EDICION Y PROGRAMACION SL	Vilagarcía de Arousa	1	Ciclo superior en desenvolvemento de aplicacións Web	6 meses	5.700,00 €
ICONWEB AGENCIA DE DISEÑO Y MARKETING SL	Pontevedra	1	Licenciatura/Grao en publicidade e relacións públicas	6 meses	6.000,00 €
INGENIERIA RIAS BAIXAS SL	Porriño, O	1	Enxeñería técnica industrial en electricidade/grao en enxeñería eléctrica	6 meses	6.000,00 €
NORFORMACION SL	Porriño, O	1	Licenciatura/Grao en pedagogía	6 meses	6.000,00 €
SANTIAGO Y ALONSO ASESORES, C.B.	Pontevedra	1	Diplomatura/Grao en relacións laborais/relacións Laborais e recursos humanos	6 meses	6.000,00 €
SINERKIA INNOVACIÓN Y DESARROLLO SOCIEDAD LIMITADA	Vigo	1	Ciclo superior en desenvolvemento de aplicacións Web	6 meses	5.7000,00
					35.400,00€



26.31552.- APROBACIÓN DAS PRÓRROGAS DAS SUBVENCIONES DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS DAS ORGANIZACIONES NON GOBERNAMENTAIS SELECCIONADAS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” EN ORGANIZACIONES NON GOBERNAMENTAIS 2021 (Expte. 2020058281)

Na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de outubro de 2021 (acordo nº22.30847) aprobouse a resolución de concesión e desestimación de solicitudes do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” en organizacións non gobernamentais 2021.

No prazo de 10 días indicado nas bases para comunicar a aceptación da subvención das entidades colaboradoras, recibíronse un total de 2 renuncias de organizacións non gobernamentais e 3 renuncias de persoas beneficiarias.

En consecuencia, na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 26 de novembro de 2021 (acordo 21.31024) aprobouse a concesión a organizacións non gobernamentais da condición de entidades colaboradoras e de persoas beneficiarias por renuncias presentadas ademais de proceder á liberación do gasto daquelas que quedaron desertas por non dispoñer de persoas seleccionadas para cubrir ditos postos.

Do total das organizacións gobernamentais seleccionadas unicamente 3 entidades colaboradoras comunicaron a formalización dos contratos coas persoas seleccionadas entre os meses de outubro e novembro, cumprindo todas elas coa data máxima de inicio da contratación segundo o establecido na base 2.5 das bases do programa.

As bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” nas empresas e corporacións sectoriais 2021 establece no punto 16.5 que “*A prórroga da subvención por seis meses máis mencionada na base primeira, no se caso, deberá solicitarse antes da xustificación, durante o quinto mes do período subvencionable.*”

De acordo ao anterior e dentro do prazo mencionado, entre o 15 de marzo de 2022 e o 14 de abril de 2022, dúas entidades colaboradoras solicitaron a prórroga da subvención por seis meses máis, e unha vez verificadas as solicitudes procede a aprobación das mesmas.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego de data 18 de marzo de 2022.



Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego. de data 25 de marzo de 2022.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases de en organizacións non gobernamentais 2021 e nas bases de selección das persoas beneficiarias do plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado “O Teu Primeiro Emprego” en organizacións non gobernamentais 2021, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Aprobar as prórrogas das subvencións por seis meses máis das entidades e polas cantidades indicadas no Anexo I.
- 2) Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.01.2021 polo importe total de 12.000,00€ e comprometer o gasto para cada unha das entidades que figuran como entidades colaboradoras e na contía que se relaciona no Anexo I.
- 3) Notificar e/ou publicar o correspondente acordo ás partes interesadas, no seu caso, segundo corresponda.

O anexo é como segue:

#### ANEXO I

PRORROGAS DAS SUBVENICIÓN DAS EMPRESAS E CORPORACIÓN SECTORIAIS SELECCIONADA COMO ENTIDADES COLABORADORAS.					
Razón social entidade	Concello	nº contratos	Nome titulación solicitada	Duración	Contía subvención
FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE PONTEVEDRA	Pontevedra	1	Diplomatura/grao en educación social	6 meses	6.000,00 €
ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES	Vilagarcía de Arousa	1	Licenciatura/grao en psicoloxía	6 meses	6.000,00 €
					12.000,00€



27.31553.- APROBACIÓN DO PROXECTO “DA TÚA MAN”, PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NO SEDENTARIO E CANAIS DE COMERCIALIZACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA. (Expte.2021048098)

O 7 de febreiro de 2022 a *Dirección General de Política Comercial del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” con un orzamento financiable por un importe de 1.066.085,00 € e 746.259,50 euros de subvención proposta, dentro da *Orden ICT/949/2021, de 10 de septiembre, del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, por la que se establecen las bases reguladoras de la línea de ayuda para el apoyo a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales cortos de comercialización y se procede a su convocatoria para el año 2021, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

A citada proposta establece en relación á aceptación da financiación que *“De acuerdo con lo establecido en el artículo 17.10 de la Orden ICT/949/2021, en el plazo de cinco días hábiles, en virtud de lo dispuesto en la Orden ICT/1307/2021, de 24 de noviembre, por la que se acuerda la tramitación de urgencia de las convocatorias de concesión de subvenciones correspondientes a la línea de ayudas a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales cortos de comercialización, la línea de ayudas para el apoyo de la actividad comercial en zonas rurales y la línea de ayudas para el fortalecimiento de la actividad comercial en zonas turísticas, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, a contar desde el siguiente al de esta notificación, deberá comunicar su aceptación o renuncia a la financiación propuesta a través del registro electrónico del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>). En ausencia de respuesta en dicho plazo a esta propuesta de resolución definitiva, se entenderá que el interesado renuncia a la financiación propuesta.”*

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra aceptou a financiación mencionada polo que procede a aprobación do proxecto e a xeración do crédito necesario, aínda estando pendente a notificación da resolución de concesión.

Visto o informe do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 28 de marzo de 2022 que literalmente di:

**“ANTECEDENTES DE HECHO**

*PRIMERO. – Tras la declaración por la Organización Mundial de la Salud de la pandemia internacional provocada por la COVID-19 el 11 de marzo de 2020, los países de la Unión Europea adoptaron una serie de medidas coordinadas de emergencia para proteger la salud de la ciudadanía y evitar el colapso de la economía. Estas medidas tuvieron un drástico impacto económico y social en el conjunto de los países de la Unión Europea, influyendo directamente en la actividad comercial de sus pueblos y ciudades. El Consejo Europeo del 21 de julio de 2020, consciente de la profunda crisis causada por el coronavirus aprobó un instrumento excepcional de recuperación temporal*



*conocido como Next Generation EU dotado con 750.000 millones de euros. El Fondo de Recuperación garantiza una respuesta coordinada con los Estados miembros de la UE para hacer frente a consecuencias económicas y sociales de la pandemia.*

*SEGUNDO. - El núcleo del Fondo de Recuperación constituye el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia (MRR), establecido por el Reglamento de la (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021. Su finalidad es apoyar la inversión y las reformas de los Estados miembros para lograr una recuperación sostenible y resiliente, al tiempo que se promuevan las prioridades ecológicas y digitales de la Unión Europea. Tiene cuatro objetivos principales: promover la cohesión económica, social y territorial de la UE; fortalecer la resiliencia y la capacidad de ajuste de los Estados miembros; mitigar las repercusiones sociales y económicas de la crisis del COVID-19; y apoyar la transición ecológica y digital.*

*TERCERO. - Para alcanzar los referidos objetivos cada Estado miembro diseñó un Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que incluye las reformas e inversiones necesarias para cumplir con los objetivos del citado Plan.*

*En el caso de España la Resolución del 29 de abril de 2021, de la Subsecretaría del Ministerio de Asuntos Económico y Transformación Digital, da publicidad al Acuerdo del Consejo de Ministros del 27 de abril de 2021, por el que se aprueba el Plan de recuperación, transformación y resiliencia, que define las estrategias a seguir en el desarrollo de los fondos europeos de recuperación. Las medidas que recoge el plan cumplen con los seis pilares establecidos por el Reglamento de la UE, y se articulan alrededor de cuatro ejes transversales: transición ecológica, transformación digital, cohesión social y territorial e igualdad de género. Los cuatro ejes se vertebran en las 10 políticas palanca o tractoras que van a incidir directamente en aquellos sectores productivos con mayor capacidad de transformación del tejido económico y social, dentro de las cuales se recogen 30 componentes, que permiten articular los programas coherentes de inversiones y reformas del Plan. En la política palanca V “Modernización y digitalización del tejido industrial y de la pyme, recuperación del turismo e impulso a una España nación emprendedora” se encuadra el componente 13 “Impulso a la pyme”. Este componente recoge una serie de inversiones a realizar en cinco ámbitos estratégicos. En la inversión 4 de apoyo al ámbito del comercio se incluye, entre otras, la actuación que hace referencia al programa de mercados sostenibles que financiará proyectos para las mejoras en la modernización de mercados municipales, áreas comerciales, mercados de venta no sedentaria y canales cortos de comercialización.*

- A nova canalización de augas pluviais autorizada e executada engade unicamente a recollida das augas dunha parcela situada no P.K. 2+000 marxe dereita da E.P. 9501. E esta recollida de augas non supón unha carga de drenaxe non asumible no camiño municipal nin provoca as inundacións indicadas no escrito de reclamación.
- Non se aprecia motivo para acometer ningunha actuación no tramo provincial nin para revocar a autorización outorgada.

Considerando.- Que a forza causal non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de O Porriño, de data 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e Sentenza 187/2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre reclamante e reclamado -na segunda-, que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.

Considerando.- Que non cabe responsabilizar ó titular demanial de unha infraestrutura preexistente, que historicamente ven funcionando sen causar prexuízo ningún, como causante dun cambio provocado por un proceso de urbanización territorial, incluso empresarial (naves industriais) que lle resulta completamente allea para adentrarse en ámbitos competenciais e autorizatorios pertencentes a outras administracións locais.



Considerando.- Que non se obtivo resposta do Concello de Cambados no emprazamento como interesado no expediente.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

35.31561.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE MOS (Expte. 2022010120)

Dada conta que con data 24/02/2022 (núm. rex. 2022004650), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D. Danio Martinelli, por danos en vehículo producidos a consecuencia da existencia dun socavo na estrada SC/3603 San Cosme-Cuvi, no Concello de Mos, o día 12/11/2021, e que foi cuantificada economicamente en 1.102,67 €.

Resultando.- Que con data 25/02/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación, que o emitiu na data 22/03/2022, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- A reclamación presentada indica o seguinte: “Que el pasado 12/11/2021, el vehículo con matrícula 1153LNX, cuando circulaba por la carretera PO-331, sufre una serie de daños materiales a consecuencia del mal estado de la vía, concretamente por la existencia de un bache en ella”.*

*A estrada PO-331 é de titularidade autonómica, polo que a Deputación Provincial non ten competencia.*

*SEGUNDO.- O atestado policial indica como lugar dos feitos a seguinte dirección: “Estrada SC/3603 SAN COSME-CUVI, no Concello de Mos”, estrada que tampouco é de titularidade provincial.*

*TERCEIRO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada responsable da zona nesa data e nesa localización.*

*CONCLUSIÓN: As estradas indicadas na documentación aportada non figuran no catálogo de estradas da Deputación Provincial e atópanse fóra da zona de afección das estradas provinciais, polo que non son competencia da Deputación Provincial.*

*María Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.



Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumpriente o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

36.31562.- DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE ADXUDICACIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN DO DÍA 17/12/2021 (Nº14.31090), CON RETROACCIÓN DAS ACTUACIÓNS, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS (CAU) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, EN CUMPRIMENTO DA RESOLUCIÓN NÚM. 26/2022 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (Expte. 2021007082)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17-12-2021, adxudicou o contrato para a prestación dos *Servizos do centro de atención a persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra*, mediante procedemento aberto, á empresa *Balidea Consulting & Programming, SL* (CIF: B-15.850.647), polo prezo total ofertado (IVE incluído) de 393.250,00 euros. No mesmo acordo, excluíu á empresa *SM Tecnología, S.L.U* (CIF: B-70.348.990), conforme á proposta da Mesa de Contratación de data 2 de decembro do 2021, ao incorrer en presunción de baixa anormal ou desproporcionada e non explicar satisfactoriamente o prezo ofertado, presumindo, polo tanto, que non pode cumprir o contrato.



Visto que, con data 11/01/2022 (Registro entrada 2022000696), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SM Tecnología, S.L.U. contra o referido acordo de adjudicación da Xunta de Goberno, solicitando o expediente de contratación, acompañado de informe. No referido recurso, a recurrente solicita a anulación do acordo, canto á exclusión de dita empresa, e a retroacción do procedemento ao momento anterior á admisión e clasificación das ofertas.

Tendo en conta a Resolución do TACGAL núm. 26/2022 que tivo entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra con data 02/02/2022 (Registro entrada 2022002536), que resolve estimar o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SM Tecnología SL contra o referido acordo da Xunta de Goberno de data 17/12/2021.

Tendo en conta o artigo 57.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal no caso de estimación total ou parcial do recurso, o órgano de contratación deberá dar coñecemento ao órgano que houbera ditado a resolución, das actuacións adoptadas para o cumprimento da mesma.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Tomar coñecemento da Resolución núm. 26/2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), que estima o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa *SM Tecnología, S.L.U.* (CIF: B-70.348.990), contra o acordo de adjudicación da Xunta de Goberno núm. 14.31090, do día 17 de decembro do 2021, que exclúe a dita empresa do procedemento aberto de contratación dos *Servizos do centro de atención a persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra.*

2.- Deixar sen efecto o acordo de adjudicación adoptado pola Xunta de Goberno núm. 14.31090, do día 17 de decembro do 2021.



3.- Retrotraer o procedemento de adxudicación ao momento da avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada pola empresa SM Tecnología, S.L.U. para a xustificación da oferta presentada, que poderá solicitar ao efecto a documentación e informes técnicos complementarios que considere oportunos.

4.- Poñer en coñecemento do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) das actuacións realizadas para o cumprimento da súa Resolución.

37.31563.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29/05/2020 (Nº8.28929), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE SANEAMENTO SEPARATIVO EN RÚA REAL”, POR CAMBIO DO PROXECTO (Expte. 2020019238)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

En data 29/05/2020, mediante acordo de Xunta de Goberno nº8.28929, concedeuse ao *Concello de Caldas de Reis*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 265.820,23 €, con destino ao financiamento do investimento “*Instalación de saneamento separativo en Rúa Real*”, cun orzamento que ascende a 319.420,23 €, condicionada á resolución favorable da *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Augas de Galicia)*, á autorización do Ministerio de Fomento, á autorización da *Consellería de Economía, Emprego e Industria* e á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma á presentación da acta de trazado previo (anexo II).

En data 18/03/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022014879, instancia do *Concello de Caldas de Reis* na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto para dar cumprimento aos requisitos impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



Neste contexto, o concello achega un novo proxecto aprobado adaptado aos condicionantes impostos pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*, indicando a súa vez que estas modificacións supoñen un incremento do seu orzamento pasando a ser 352.206,98 € pero sen alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importa 265.820,23 €. O concello indica que o importe restante ata completar o orzamento será financiado cunha subvención recibida do Ministerio de Fomento (53.600,00 €) e con fondos propios do concello (32.786,75 €), tal é como se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos Propios- €
2020	352.206,98	265.820,23	53.600,00	32.786,75
TOTAL	352.206,98	265.820,23	53.600,00	32.786,75

O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se poida executar nos termos establecidos.

Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 21/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/03/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 23/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 8.28929, do día 29/05/2020, polo que se concedía ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G, a cantidade de 265.820,23 € con destino ao financiamento do investimento “*Instalación de saneamento separativo en Rúa Real*” (Expte.2020019238), no sentido de substituír o proxecto que figura no expediente polo achegado en data 18/03/2022 con número de rexistro WEB2022014879.
- O novo proxecto presentado incrementa o orzamento orixinal, pero non altera o importe da subvención concedida nin o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo enténdese que non se prexudican dereitos de terceiros.





- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 8.28929, do día 29/05/2020, permanecerá invariable cos condicionantes establecidos, é dicir, condicionada á resolución favorable da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Augas de Galicia), á autorización do Ministerio de Fomento, á autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria e á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma á presentación da acta de trazado previo (anexo II).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

38.31564.- APROBACIÓN DO PROXECTO “COMMERCE INSIDE” PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (Expte.2021048064)

PRIMEIRO. – Trala declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, influíndo directamente na actividade comercial dos seus pobos e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crise causada polo coronavirus aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte as consecuencias económicas e sociais da pandemia.

SEGUNDO. - O núcleo do Fondo de Recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento da (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar a inversión e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, ao tempo que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

TERCEIRO. - Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e inversións necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.



No caso de España, a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, da publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren cos seis pilares establecidos polo Regulamento da UE, e se articulan ao redor de catro eixes transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. Os catro eixes vertébranse nas 10 políticas pancas ou tractoras que van a incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se recollen 30 compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de inversións e reformas do Plan. Na política panca V “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da pyme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación emprendedora” encádrase o compoñente 14 “Plan de Modernización e competitividade do sector turístico”. Na inversión 4a de Actuacións especiais no ámbito da competitividade. Fortalecemento da actividade comercial en zonas de gran afluencia turística...”.

CUARTO. - Ditas inversións canalizaranse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, ven traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

Normativa aplicable:

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, en relación ás atribucións da Presidencia da Deputación Provincial.
- R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones (LGS), e o Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLGS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Bases do presuposto da Deputación de Pontevedra.
- E demais lexislación concordante de aplicación.



Así mesmo, tratándose dun proxecto co financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e si procede a súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde ICT/1307/2021, de 24 de novembro, pola que se acorda a tramitación de urxencia das convocatorias de concesión de subvencións correspondentes á liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio no sedentario e canles cortos de comercialización; á liña de axudas para apoio da actividade comercial en zonas rurais e á liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. - A Deputación de Pontevedra en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como un dos principais obxectivos en materia de comercio, o desenrolo de mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio, xerando así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia. O impulso da competitividade no territorio supón desenrolar actuacións por parte das administracións, nos seus diferentes niveles de organización, encamiñadas a mellorar a posición dos mercados municipais, zonas urbanas comerciais, comercio no sedentario e os canles cortos de comercialización. Ser competitivo implica ser sostible nas distintas dimensións, social, ambiental e económica. Polo que a competitividade do comercio local non é un fin en si mesma, senón que é un obxectivo para acadar a prosperidade da sociedade que vive no territorio.



En tempos de pandemia e confinamento, os comercios de proximidade estiveron pechados e sufrindo importantes restricións de aforo o que provocou perdas económicas irrecuperables e fai necesario que dende a administración se vele pola reactivación eficaz da promoción económica local, e por outra parte supuxo un impulso para que moitos iniciasen a súa transformación dixital. A recuperación do comercio de proximidade non debe centrarse unicamente en medidas orientadas aos comerciantes xa que tamén é esencial a implicación e sensibilización dos membros dunha mesma comunidade na recuperación destes negocios, debido a que este sector axuda ao mantemento da economía local, ao fomento da empatía e a solidariedade. En definitiva, crea sociedades máis fortes e cohesionadas, con maior capacidade para actuar.

SEGUNDO.- O 11 de setembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 218 a Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axuda para fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede a súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse na inversión 4, apoio ao comercio, o compoñente 13, impulso á Pyme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou el 1 de outubro de 2021 o proxecto “Commerce Inside” á citada convocatoria para a reactivación eficaz da promoción económica local, a recuperación do comercio de proximidade, así como a implicación e sensibilización da poboación promovendo a competitividade nas súas distintas dimensións: social, ambiental e económica. O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: realizar accións que melloren a competitividade do sector comercial, reactivando a demanda a través do turismo, acercando ao consumidor a uns negocios que reforzaron as medidas de seguridade sanitaria con protocolos seguros e axudarlles tamén a contar con novos canles para atender as demandas dos seus clientes, todo elo baixo o compoñente de sostibilidade, como un valor fundamental del comercio de proximidade e que é necesario reforzar e poñer en valor.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 12 meses (dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022).

Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos de Baiona, A Guarda, Bueu, Tui, Soutomaior, Caldas de Reis, Nigrán, Sanxenxo, Cambados e O Grove.



## Actuacións:

Concepto	Actuación
Inversións na vía pública	Tótems Interactivos sector comercio integrados con Tourist Inside
	Zonas de descanso verdes con cargadores solares
	Sinalización integrada da oferta comercial en zonas axardinadas
Dixitalización del sector Comercial	Plataforma de xestión de áreas comerciais
	Creación de contidos vinculados ao comercio en zonas turísticas
	Despregamento de puntos WIFI en zonas comerciais
Sostibilidade e economía circular	Packaging sostible re utilizable
	Illas ecolóxicas para o depósito de biorresiduos e cartón.
Sensibilización e formación	Curso On Line de Inglés
	Curso On Line de Francés
	Curso On Line de Portugués

Financiación: 70% o Ministerio e 30% os beneficiarios distribuídos nun 15% Deputación de Pontevedra e un 15% os concellos adheridos en función das actuacións a desenrolar nos mesmos.

Presuposto financiable: 1.097.350,00 euros (sen IVE, non sendo este financiable).

Subvención proposta: 768.145,50 euros (sen IVE).

TERCEIRO.- O 30 de decembro de 2021 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución provisional de concesión de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas na que se propón a axuda solicitada a convocatoria á Deputación de Pontevedra e se inicia o trámite de alegacións por un prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación.

CUARTO. O 7 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Commerce Inside” con un presuposto financiable por importe de 1.097.350,00 € e 748.145,00 euros de subvención proposta.



O desglose por conceptos do presuposto financiable e distribución da aportación é o seguinte:

Conceptos financiables	Desglose	Presupuesto financiable (€ sin IVA)	Subvención correspondiente al financiable (€ sin IVA)	Aportación Diputación y Ayuntamientos (€ sin IVA)
Inversiones en la vía pública	Tótems Interactivos sector comercio integrados con Tourist Inside	255.000,00	178.500,00	76.500,00
	Zonas de descanso verdes con cargadores solares	120.000,00	84.000,00	36.000,00
	Señalética integrada de la oferta comercial en zonas ajardinadas	110.000,00	77.000,00	33.000,00
<b>Subtotal</b>		<b>485.000,00</b>	<b>339.500,00</b>	<b>145.500,00</b>
Digitalización del sector Comercial	Plataforma de gestión de áreas comerciales"	75.000,00	52.500,00	22.500,00
	Creación de contenidos vinculados a comercio en zonas turísticas	60.000,00	42.000,00	18.000,00
	Despliegue de puntos WIFI en zonas comerciales	135.000,00	94.500,00	40.500,00
<b>Subtotal</b>		<b>270.000,00</b>	<b>189.000,00</b>	<b>81.000,00</b>
Sostenibilidad y economía circular	Packaging sostenible reutilizable	180.000,00	126.000,00	54.000,00
	Islas ecológicas para el depósito de biorresiduos y cartón.	137.600,00	96.320,00	41.280,00
<b>Subtotal</b>		<b>317.600,00</b>	<b>222.320,00</b>	<b>95.280,00</b>
Gastos de sensibilización y formación	Curso On Line de Inglés	8.250,00	5.775,00	2475,00
	Curso On Line de Francés	8.250,00	5.775,00	2475,00
	Curso On Line de Portugués	8.250,00	5.775,00	2475,00
<b>Subtotal</b>		<b>24.750,00</b>	<b>17.325,00</b>	<b>7.425,00</b>
<b>TOTAL</b>		<b>1.097.350,00</b>	<b>768.145,00</b>	<b>329.205,00</b>

Distribución da aportación	Presuposto
Aportación Ministerio	768.148,50
Aportación Deputación de Pontevedra (15% presuposto financiable+IVE)	395.046,00
Aportación Concellos (15% presuposto financiable)	164.602,50
<b>TOTAL</b>	<b>1.327.793,50</b>

QUINTO. - O punto segundo de dita proposta de resolución definitiva de concesión establece que o apoio financeiro queda suxeito, entre outros, as seguintes condicións xerais:

*"(...) b) Realización de inversións e gastos.- As inversións e gastos financiados previstos deberán realizarse no prazo comprendido entre el 1 de xaneiro de 2021 e el 31 de decembro de 2022. (...)*



e) *Incumprimentos.- Si o coste efectivo final da inversión resulta inferior ao presuposto financiable, xa sexa porque o manifeste o beneficiario, ou así se considere polo órgano competente ao examinar a documentación xustificativa, reintegrarase parcialmente o apoio financeiro na cantidade proporcional á parte non efectuada, sempre que a xuízo de dito órgano cumpríranse basicamente os obxectivos polos que se concedeu o apoio financeiro, pois en caso contrario, procederá o reintegro total en aplicación ao artigo 37.1b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. En ambos casos, procederá a devolución da cantidade a reintegrar, máis os intereses de demora, dende o momento do pago do apoio financeiro ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.*

*Segundo o artigo 23 da Orde ICT/951/2021, o incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, no seu caso, establecéranse na correspondente resolución de concesión, dará lugar á obrigaçión de devolver os importes percibidos máis los intereses de demora correspondentes, no momento de detectarse o incumprimento, conforme ao disposto no título II, capítulo I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no título III do seu Regulamento. (...)*

f) *Pago.- De acordo co artigo 19 de la Orde ICT/951/2021, o pago da financiación quedará condicionado a que exista constancia por parte do órgano xestor de que o beneficiario cumpre todos os requisitos sinalados no artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (...)*

*O apoio financeiro regulado nesta orde se realizará nun solo pago e anticipadamente á xustificación. (...)*”

SEXTO.- De acordo co establecido na proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada notificada o 7 de febreiro de 2022 en relación á aceptación da financiación, dispónse que:

*“De acordo co establecido no artigo 17.10 da Orde ICT/949/2021, no prazo de cinco días hábiles, en virtude do disposto nla Orde ICT/1307/2021, de 24 de novembro, pola que se acorda a tramitación de urxencia das convocatorias de concesión de subvencións correspondentes á liña de axudas a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio no sedentario e canles cortos de comercialización, a liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais e a liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a contar dende o seguinte a esta notificación, deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia á financiación proposta a través do rexistro electrónico do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>). En ausencia de resposta en dito prazo a esta proposta de resolución definitiva, entenderase que o interesado renuncia á financiación proposta.”*

SÉTIMO.- En consecuencia, a Deputación de Pontevedra aceptou a financiación mencionada polo que se procede a aprobación do proxecto e a xeración do crédito necesario, aínda estando pendente a notificación da resolución de concesión.

OCTAVO. O prazo de execución do proxecto esténdese segundo a convocatoria ata o 31 de decembro de 2022. Atendendo aos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentado, o proxecto debe executarse con celeridade para alo menos executar no presente exercicio os requisitos sinalados no art. 25 b de la orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas.



NOVENO.- Tendo en conta o sinalado ao respecto das condicións económicas do proxecto Commerce Inside sinaladas no punto cuarto das fundamentacións xurídicas e tratamento técnico deste informe, así como o sinalado en xeral no TÍTULO IV , Capítulo I, do Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, referido as especialidades en materia de xestión e control orzamentario e, en concreto, no artigo 42 referido ás Incorporacións de crédito, aínda que de carácter non básico, así como o sinalado en canto á distribución da aportación entre o ministerio deputación e concellos, dáse conta dos tipos de gasto que inclúe o proxecto así como os importes atendendo á apertura das correspondentes aplicacións orzamentarias, sinalando no cadro unha proposta do servizo a considerar polo servizo de intervención quen mellor proveerá.

Concepto	Actuación	Actuación	Proposta de Aplicacións Orzamentarias
Inversións en la vía pública	Tótems Interactivos sector comercio integrados con Tourist Inside	308.550,00	433.431x.650.00
	Zonas de descanso verdes con cargadores solares	145.200,00	
	Sinalización integrada de la oferta comercial en zonas axardinadas	133.100,00	
Dixitalización del sector Comercial	Plataforma de xestión de áreas comerciais	90.750,00	433.431x.641,00
	Creación de contidos vinculados a comercio en zonas turísticas	72.600,00	
	Despregamento de puntos WIFI en zonas comerciais	163.350,00	433.431x.626.00
Sostibilidade y economía circular	Packaging sostible re utilizable	217.800,00	433.431x.226.99
	Illas ecolóxicas para el depósito de biorresiduos y cartón.	166.496,00	433.431x.650.01
Sensibilización y formación	Curso On Line de Inglés	9.982,50	433.431x.227.99
	Curso On Line de Francés	9.982,50	
	Curso On Line de Portugués	9.982,50	

Segundo o especificado no punto cuarto das fundamentacións xurídicas e tratamento técnico é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra e polo que respecta á aportación dos Municipios formalizarse con cada un mediante un convenio de colaboración no que se recollerán os dereitos e obrigacións de cada unha deas partes e propónse que os Municipios ingresen a súa parte á Deputación de Pontevedra unha vez se executen as actuacións nos mesmos, polo que se deben recoller estes aspectos tamén presupostariámete.





Por todo o exposto, en base aos antecedentes de feito, normativa aplicable e fundamentos xurídicos e tratamento técnico, e visto o informe de intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto denominado “Commerce Inside” co financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e que posúe as características establecidas no presente informe condicionado á recepción da notificación da resolución de concesión.
2. Aprobar a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto.
3. Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como establece a Base 27ª de execución do presuposto provincial para o exercicio 2021, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.

39.31565.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

40.31566.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario accidental que dou fe.

